

Amparo Alvajar

É funcionaria na Organización Internacional do Traballo (O.I.T.) en Xinebra. Traballou na O.N.U. en New York, en “El Correo da UNESCO” en París, e viviu deica 1955 ou 1956 en Buenos Aires onde chegou en 1940. Da Cruña saliu para Madride a comezos de 1936 ou en 1935. Mais sen importar as datas foi sempre unha coruñesa con saudades que non confesa da súa cidade.

Pubricou moitos artigos e ensaios encol de problemas do teatro e de Galicia. Fixo numerosas traducións ó castelán de obras de Diderot, Flaubert, Romain Rolland, etc. En Buenos Aires estreou con moito éxito dúas obras de teatro, “Amada y Tu” e “Un balcón para los Lester”. En Xinebra foi unha das fundadoras do “Grupo Artístico Hispanoamericano” e dirixiu o estreno de obras de Moratín, Lope de Vega e Buero Vallejo.

Agora está a ensaiar “Os vellos non deben namorarse”, de Castelao. Referímonos a ela en dúas ou tres ocasións en notas para “Galicia Emigrane”, revista, e na audición radical do mesmo nome que durou deica fai xustamente un ano. Amparo Alvajar, con unha obra moi disgregada polas circunstancias, é unha das mulleres de información intelectual máis traballada da Galicia de hoxe e unha importante escritora, con obra feita e tamén espallada nunha e outra cidade, Buenos Aires, New York, París, Xenebra.

Agora matina traballar novamente para Galicia dende fóra, aínda que non deixou endexamáis de traballar para ela, como ocorre con moitos escritores e artistas desta xeración cúa obra foi feita, por circunstancias especiais, no estranxeiro e moitas veces nas peores condicións. Unha obra non rexistrada aínda na súa totalidade, en ningunha publicación galega actual.

Amparo Alvajar é filla de aquel grande periodista coruñés que foi César Alvajar, o autor dunha obra moi festexada de poeta festivo. Foi o César, así firmaba soamente co nome propio, das Copas de La Voz de Galicia durante moitos anos referida á actualidade cruñesa, galega ou de España en xeral. Amparo Alvajar en xéneros literarios diferentes é lexitimamente herdeira no talento do seu pai, é un orgullo da sá cidade como o son María Casares, Elvira Martín e outras cruñesas emigradas.

Luís Seoane